

A BESTA QUE HAI EN MIN: SUXEITO E LINGUA NA POSTANIMALIDADE DE LUZ PICHEL

REXINA RODRÍGUEZ VEGA
Universidade de Vigo

RESUMO: Identificada desde a literatura castelá como unha das representantes da corrente de poesía «neorrural» e desde a literatura galega como unha das cultivadoras do que se deu en chamar «posruralismo» e que indaga na desaparición dun mundo e un modo de vida relacionado coa cultura campesiña, o conxunto da obra de Luz Pichel funciona, en realidade, como un ariete contra ambos os dous campos de recepción onde se inscribe, ao ofrecer sentidos non previstos de acordo cun programa de experimentación que une o inconformismo sociopolítico a un cuestionamento da linguaxe como ferramenta de representación do mundo. Neste traballo propoñémonos afondar na importancia do tratamento do tropo animal na poética de Pichel, por canto advertimos no seu rexeitamento sistemático á tradicional antropomorfización do Outro animal e á animalización do Outro humano, o desexo de poñer en cuestión os fundamentos das oposicións xerárquicas que constitúen a visión hemiónica do suxeito occidental de acordo cunha práctica ética, política e retórica marcada pola busca da utopía.

PALABRAS CHAVE: heterolingüismo; autotradución; ecocrítica; estudos animais; estudos de xénero; posruralismo.

LA BÈSTIA QUE HI HA EN MI: SUBJECTE I LLENGUA EN LA POSTANIMALITAT DE LUZ PICHEL

RESUM: Identificada des de la literatura castellana com una de les representants del corrent de poesia «neorrural» i des de la literatura gallega com una de les cultivadores del que s'ha anomenat «postruralisme» i que indaga en la desaparició d'un món i una manera de viure relacionada amb la cultura pagesa, el conjunt de l'obra de Luz Pichel funciona, en realitat, com un ariet contra tots dos camps de recepció on s'inscriu, en oferir sentits no previstos d'acord amb un programa d'experimentació que uneix l'inconformisme sociopolític a un qüestionament del llenguatge com a eina de representació del món. En aquest treball ens proposem d'aprofundir en la importància del tractament del trop animal en la poètica de Pichel, ja que en el seu rebuig sistemàtic a la tradicional antropomorfització de l'Altre animal i a l'animalització de l'Altre humà advertim el desig de qüestionar els fonaments de les oposicions jeràrquiques que constitueixen la visió hegemònica del subjecte occidental d'acord amb una pràctica ètica, política i retòrica marcada per la recerca de la utopia.

PARAULES CLAU: heterolingüisme; autotraducció; ecocrítica; estudis animals; estudis de gènere; posruralisme.

THE BEAST WITHIN ME: SUBJECT AND LANGUAGE IN THE POSTANIMALITY OF LUZ PICHEL

ABSTRACT: Identified in Castilian literature as one of the representatives of the “neorrural” poetry movement and in Galician literature as one of the practitioners of what has been

called “posruralism”, which explores the disappearance of a world and a way of life related to rural culture, Luz Pichel’s body of work actually functions as a battering ram against both reception fields to which it belongs. It offers unforeseen meanings in line with an experimental program that links socio-political non-conformity to a questioning of language as a tool for representing the world. In this study, we aim to delve into the significance of the treatment of the animal trope in Pichel’s poetics. We observe her systematic rejection of the traditional anthropomorphization of the Other animal and the animalization of the human Other, indicating a desire to challenge the foundations of hierarchical oppositions that constitute the hegemonic view of the Western subject according to heterolingualism — the use of multiple languages, often in combination or contrast, within a literary or communicative context.

KEYWORDS: heterolingualism; self-translation; ecocriticism; animal studies; gender studies; posruralism.

1. INTRODUCCIÓN

No colofón da penúltima obra publicada pola poeta Luz Pichel, *Alén, Alén*, lemos:

Esta primeira edición de *Alén, Alén* de Luz Pichel se terminou de imprimir en outubro de 2021, el día en que cumpriron anos todos os charrancitos chotacabras andoriñas mouchos cuellirojos chorlitos grises cucharitas cuervos currucas rulas xílgaros guachos colibrís reiseñores rabilongas págalos pomarinos paños boreales zarapitos trinadores zorzales alirrojos zarceros políglotas charabiscas fervellos bubbleles e bububububelas que de dúas en dúas amorosamente bobobobordan prados e xardíns para que non pensedes que todo é agoreu que non que non (Pichel 2021: 20).

É abondo significativa esta nota sobre as circunstancias da impresión, pois, máis alá do hibridismo lingüístico do que fai gala, Pichel ofrece nesa lista, configurada como unha especie de tentativa de esgotamento dos seres «volanderos» do *lughar*, unha ollada que nos revela a natureza non como paisaxe senón como unha comunidade de voces diversas coas que confluír nunha práctica ética, política e retórica marcada pola busca da utopía.

É difícil atopar arestora, tanto na literatura galega como na castelá, unha poética que abrangan dun xeito tan sistemático o mundo animal e vexetal, posto que os libros desta autora teñen moito de bestiarios ou de herbarios nos que

o eu lírico, marcado incontestablemente como feminino e, xa que logo, subalterno, procura no diálogo co que vive novos modos de ver e de dicir.

Identificada desde a literatura castelá como unha das representantes da corrente de poesía «neorrural» (Mora 2018), que coñece especial desenvolvemento e visibilidade a partir da segunda década do dous mil; e, na literatura galega, como unha das cultivadoras do que se deu en chamar «posruralismo» (Anderson 2014) e que indaga na desaparición dun mundo e un modo de vida relacionado coa cultura campesiña, o conxunto da obra de Luz Pichel funciona como un ariete contra ambos os dous campos de recepción onde se inscribe ao ofrecer sentidos non previstos de acordo cun programa de experimentación que une o inconformismo sociopolítico a un cuestionamento da linguaxe como ferramenta de representación do mundo. A súa aposta decidida polo heterolingüismo, que supón un ataque á idea mesma da homoxeneidade de cada cultura e que forza a repensar a identidade como un proceso feito de tensións contradictorias bate, loxicamente, contra os fundamentos das culturas nacionais, en cuxo entredous aparece inserida.

Así, desde o sistema español o cultivo do neorruralismo é simplificado por autores como Vicente Luis Mora (2018) ou Álvaro Colomer (2014) desde un mero regreso ao local, dentro dun discurso identitario centrípeto, unha operación que, trapalleiramente, buscaría no intento de recuperación do paraíso perdido das orixes a solución á crise de valores da nosa sociedade. Desde o sistema galego será a predisposición cara á variedade local e á lingua interferida do castro a que xera serios receos na medida en que pon en cuestión o proceso de estandarización e normalización da cultura minorizada. Pensemos, por exemplo, nos reparos que a xornalista Montse Dopico formula nunha entrevista coa autora publicada en *Praza.gal* e que leva por significativo título: «Onde está mal visto o galego é en Galicia. O inimigo está dentro, non en Madrid»:

Entendo o que quere dicir, mais o seu discurso pode ser malintencionadamente apropiado polos inimigos do galego. Para eles, está ben que o galego sexa un híbrido.

[...]

Referíame ás persoas que teñen unha posición supremacista, que queren que o galego siga subordinado ao castelán. Para elas, hai unha lingua A que merece un estándar porque telo é natural. E unha lingua B que non pasa nada se está hibridada e que non precisa norma nin medidas para corrixir a discriminación, porque promocionala ou tentar falala sen castelanismos é, para eles, atacar a lingua hexemónica (Dopico 2016).

A verdadeira potencia da proposta de Pichel comeza, con todo, a desvelarse. Así, entre as múltiples liñas de sentido que abre, estudosos como Helena Miguélez Carballeira (2014) ou Neil D. Anderson (2014) subliñan o esforzo dunha nova representación do suxeito rural que conserve «a dignidade dos nosos indíxenas, para cando chegue o tempo no que só habiten na nosa memoria» (Miguélez 2014). A idea de resistencia, desde unha clara postura antinostálxica, é tamén subliñada por Alba Cid (2018), quen relaciona a poética de Pichel con outras propostas non hexemónicas no panorama galego como as de Celso Fernández Sanmartín, Emilio Araújo, Lupe Gómez ou Olalla Cociña, que tamén documentan a desaparición do mundo rural desde unha dimensión ética.

Neste traballo propoñemos centrarnos en especial no tratamento do tropo animal na obra de Pichel, por canto consideramos que resulta un aspecto extremadamente significativo na súa proposta poética. Como sinala Miguélez Carballeira (2014), na procura desa necesaria transformación da tradición dun rural que desaparece, cómpre elixir ver, por exemplo, no ghatto de *Cativa en su lughar*, ese ghatto «flaco y sin territorio» a reivindicación política, intelectual e imaxinativa do fráxil, a potencia liberadora da empatía e do coidado.

O ghatto fraco, o único que pode coarse pola fendedela da porta da casa e achegarse aos obxectos, acariñando todo «como cuerpo suyo, como entonces era» (Pichel 2013: 104). Tamén porque onde hai un ghatto sempre hai alguén que haxa coidar del (Miguélez 2014).

2. A POSTANIMALIDADE OU A REDEFINICIÓN DO SUXEITO

Malia ser dominante no pensamento occidental hexemónico, a visión antropocéntrica do mundo non é a única que existe. Outras cosmovisións e epistemoloxías, adoito agrupadas baixo o termo «indíxenas» non se fundamentan nunha separación estanca entre o humano e o animal. A experiencia indíxena, marcada, como indica Miguélez (2014) seguindo a Clifford (2013), pola relación intensa entre suxeito e lugar implica pontes de ida e volta entre as especies e, mesmo, máis alá entre todas as formas da materia viva.

Como indican traballos fundamentais no eido do poshumanismo como poden ser os de Derrida (2006), Haraway (2008), Braidotti (2013) ou Segarra (2022), poñer en cuestión a fronteira entre humano e animal implica necesariamente unha reflexión sobre os fundamentos xerárquicos das oposicións nas

que se basean as desigualdades estruturais das nosas sociedades, desde o par natureza-cultura ata os baseados no xénero e na raza. Xa que logo, traballar para transformar radicalmente a noción de suxeito, reservada tradicionalmente para o home, supón socavar as fronteiras da perspectiva antropocéntrica eliminando a oposición non só entre o humano e o animal senón, de xeito máis xeral, entre o mundo animal e vexetal ou entre o animado e o inanimado.

Tal e como indica Donna Haraway no seu *Manifesto das especies de compañía* (2003), a reivindicación do parentesco entre especies alude á interrelación e dependencia recíproca de todos os seres, mesmo os que a nosa cultura considera non vivos, como os minerais, no ecosistema xeral do planeta. Xa non se trata tan só de observar a relación coas outras especies desde a óptica do xogo e do afecto, senón que se pón de relevo unha dimensión ética, baseada no recoñecemento da propia vulnerabilidade.

Desde este punto de vista, como observou atinadamente Marta Segarra (2022: 48), a práctica da empatía e dos coidados, tradicionalmente considerada como unha tendencia natural da poboación feminina, comeza a ser vista na súa dimensión de acción política. Confluíndo cos estudos de xénero, os estudos poscoloniais, a ecocrítica ou a teoría queer, os estudos animais veñen cuestionar os límites do suxeito clásico e afondar na capacidade de aprehensión non violenta da diferenza.

Escapar al pensamiento binario que lo concibe todo en términos de ser o no ser (humano o animal, pero también natural o artificial, hombre o mujer) no significa pensar que todo es lo mismo, o sea, pensar desde la identidad, sino que todo es distinto, es decir, pensar desde la diferencia. Simplemente la diferencia no es una nunca, es siempre plural, múltiple y variada (Segarra 2022: 202).

3. NIN HUMANIZAR NIN BESTIALIZAR, O POSHUMANO E O POSTANIMAL EN LUZ PICHEL

A antropomorfización do Outro animal ou a animalización do Outro humano, entendidas ambas as operacións como recursos a estereotipos culturais foron habituais no discurso artístico, porén ningunha destas simplificacións está presente na obra de Luz Pichel. A súa forma de resistencia fluída non binarista abraza a diferenza na súa real multiplicidade, como se pode observar no seguinte poema de *Alén, Alén*.

POEMA PARA UNA ÉPICA DE LOS ANIMALES DOMÉSTICOS Y LAS MASCOTAS DE CUIDAR
 un día dijo don Juan Carlos el maestro de El Bierzo dijo: yo quiero ser uno de
 esos bichos

y por eso te cuento este cuento una oración:

no desesperéis vosotras las desobedientes de retardada fecundidad las que
 juntáis la patata con el olivo reguerito que va del Sur al Norte y aguardáis

leyendo un libro en la parada

[...] vi una vez en un vídeo una c c c cacatúa branca que daba de comer a un

can: toma cancito come una cacatúa blanca

un grano para el hijo de mirada lista una coooooorteza para el guapo animal
 que guía a un ciego a un siego un cegho

Pues vosotras aún sois más bbbbonits que una cacatúa blanca

troyanas megalíticas transportadoras oseánicas de criaturas en peligro a brazadas

[...] parid si queréis se queredes

Sin miedo en albedrío como las merinas con ese punto de locura de las becerras

primerizas parid me encantaría

Un cancito

Una cacatúa

Un gggghato

Un llobo

Ya se pintará otra vez la casa (Pichel 2021: 51-53).

Neste enfoque inclusivo da maternidade que, ao desbioloxizar e ampliar a
 noción tradicional de familia, supera a división en especies, observamos, a su-
 peración da ética fundamentada na semellanza para pasar a unha ética basea-
 da na diferenza e na relacionalidade que supón unha verdadeira conciencia da
 vulnerabilidade compartida (Segarra 2022: 202).

A relación non xerárquica entre humano e animal é recorrente na poesía
 de Pichel, quen, poñendo o foco na contigüidade da natureza humana e non
 humana no mundo rural galego, onde se acostumaba convivir baixo o mesmo
 teito, subliña a identificación entre vulnerables para darse mutuo sustento.
 Así, no poema de *Casa pechada*, titulado «Letreiro para colgar no cobertizo
 cando non quede nada alí», podemos ouvir por boca dun suxeito feminino:

Se me deito no cocho do can

durmirei quente

Se coubese no niño das pitas

Durmiría ao quente (Pichel 2013: 152).

Como xa indicaron Palacio e Nogueira (2022), este poema parece ilustrar a identificación crítica entre mulleres e animais na medida en que os marxina-dos humanos adoitan ser animalizados polo patriarcado antropocéntrico e androcéntrico. E é que a asimetría das posición de poder tende a ligar a violencia exercida contra os animais e a inflixida contra ás persoas consideradas máis débiles, en especial as mulleres e os nenos.

Con todo, o obxectivo da escritura semella ir máis alá da mera denuncia da animalización da muller e o conseguinte reforzamento da súa subalternidade. Tal e como soubo ver María Salgado (2013: 124), non hai nin unha soa vítima entre as mulleres que debuxa Pichel en *Casa pechada/Cativa no seu Lughar*, «aunque el sitio que ellas ocupen sea el último y sea duro». As *aparvadas*, as *cativas* e as *senlleiras*, teñen a oportunidade de medrar, de metamorfosearse de acordo cun rexeitamento da lóxica de inferiorización imposta por ideoloxías al-leas e alienantes.

Bo exemplo deste proceso é «Canción da raíña liberada que rematará unha peza de monicreques que está por facer»:

Faime un sitio, cadelo, fai o favor,
Faime un sitio no palleiro do trigo
—dixo a raíña xuntando as mans—,
ando escapada (Pichel 2013: 202).

Neste poema de *Casa Pechada*, que na versión autotraducida *Cativa no seu lughar* cambia de lugar aparecendo significativamente como epílogo, préntasenos o modelo dunha muller empoderada, a raíña liberada que «anda escapada» e que lle pide axuda a un cadelo. Algo que, para María Salgado:

Podría parecer una concesión, pero al contrario es una táctica de guerrilla ru-ro-urbana de lo más apropiada de nuevo a este momento: contra el rey no pelear sino escapar; después irse al pajar donde se pueda una cuidar del hambre y del frío; hacer luego alianza con quien tampoco tiene y vale, hacer idioma. La oposición, como se ve, no es de hombre contra mujer, sino de reina liberada (estupenda, empoderada, libre y huida) y Rey de Portugal (chulo cautivo de sí mismo) [...] de reydespaña que no se deja querer contra cans que quieren con escapadas (Salgado 2023: 125).

Con todo, pódense detectar tamén exemplos do que Manuela Palacio e María Xesús Nogueira denominan «identidades desafirmadas» (2022: 225), é di-

cir rexeitamentos das metáforas que animalizan a muller e que, ao mesmo tempo, lle darían a este procedemento carta de realidade. Este é o caso de «Non me chamo luciérnaga» ou «bolboreta non son».

A táctica da semellanza-oposición aparece en todas as series que a poeta desenvolve, un procedemento que busca a subversión dos valores fixados pola cultura. A desestabilización da noción de suxeito, supón, como máis arriba indicabamos, a eliminación das fronteiras non só entre o animal e o humano, senón tamén entre o mundo animal e o vexetal ou entre o animado e o inanimado.

Neste cruzamento entre materia vibrante é a marca de xénero a que acaba por perderse, así sucede nas numerosas «árboles», «jabalías», «tuberculitas» ou «ciervitas voladoras, ou nos «trastos de apenar» de *Cativa en su lughar*:

Rastrillo de palo,
 rastrillo de hierro
 horquillas del mundo
 palas de toda casta
 palos de cada casa
 palodepalo
 paladelpán
 palodel-lomo y delas-piernas
 palo de lumbre
 guadaño, guadaña
 azada y azadón
 caldero
 trasno del lavadero en el mes de enero
 caldera y calderín
 y calderilla (Pichel 2013: 23).

Como podemos observar neste poema, titulado «El nombre de las cosas», que coñece unha significativa expansión na versión autotraducida, a marca mofolóxica que sinala poder e división sexual, aparece en toda a súa potencia de ruptura subvertendo os estereotipos da cultura patriarcal e a perspectiva antropolocéntrica.

Como afirma María Salgado, en Pichel opérase unha substitución revolucionaria:

En vez de dios, patria, amo, patrón y género; reino, tipo, clase, orden, familia, género y especie. Una internacional *queer* de verdad internacional por humana, ani-

mal, vegetal e inerte. Por mundana. Una verdadeira alianza política de raritxs excluídxs por el poder (Salgado 2013: 126).

Non antropomorfizar o Outro animal non impide personalizar a ollada sobre el. Así, dentro desa fuxida de todo esencialismo que está na base da poética de Pichel, atopámonos tamén co tratamento do animal en singular, atendendo á súa diversidade e multiplicidade. O recoñecemento da subxectividade e da individualidade así como o da capacidade de construír comunidade máis alá da manda, obsérvase, por exemplo, en poemas como «É mediodía».

O can da casa,
que miraba por todos sen cerrar ollo,
érguese e vaise cara á burata fondísima da Chousa Vella:
cómpre mirar tamén polo gando morto (Pichel 2013: 172).

Esta operación de personalización na mirada, que pon en valor a dignidade do animal observado, opera tamén ante especies menores e alleas por completo ao ámbito doméstico. Isto é o que sucede, por exemplo, cos vermes, descritos nunha glosa de *Cativa no seu lughar* pola súa capacidade de comunicación co seu contorno:

Los gusanos no respetan dirección ni ordenamiento, andan a las locas, pero tampoco no son el caos, tienden a encarrerarse preferentemente hacia terrenos de abundante materia orgánica, cubiertos de piedras regulares de cantería con mensajes cifrados. Gústales repararlos con el cuerpo entero, son lectores corporales de piedra, merecen un respeto (Pichel 2013: 46).

Pode percibirse un cambio de rexistro no tratamento dos animais de consumo para a alimentación humana. No caso destes animais degradados, excluídos como suxeitos de ética, a voz poética elixe con frecuencia a denuncia da mecanización e maltrato que o biopoder poscapitalista liberal lle inflixe en seres reducidos á materia prima e desposuídos polo tanto do seu corpo:

Vaca nunha nave de cementu moi moi suxa
Presa entre dous ferrus car e corpu
só pode cumer só pode cumer
pode cumer cumer cumer (Pichel 2017: 44).

Este é u tempo das subsidiadas cooperativas da pesadísima empacadora da magnificencia heroica du alcatreu dus puzus de purís e das inmensas naves recendentres unde rabian amoreadu lus porcus de zampar (Pichel 2017: 46).

Abundan nas páxinas de Pichel animais enfermos, «cerdos palidecientes rubias rubias efímera gallinas enfermitas y buenas yeguas de las efemérides bueyes burras de carga dormidos duermen dos metros a lo menos por debajo de amargos jaramagos (...)» (2021: 159). A poeta asumirá así o que, segundo Gilles Deleuze (1996), debe ser o lugar do escritor, responsable dos animais que morren e, xa que logo, coa obriga moral de escribir no lugar dos animais, por eles e desde a posición que ocupan, a da vulnerabilidade e, en certo modo, a da pasividade ante a morte.

4. A APERTURA CARA AO OUTRO ANIMAL E A DESESTABILIZACIÓN DA LINGUAXE

Fuxir do binarismo, de toda posición esencialista, faise tamén, ou sobre todo, coa lingua. Para achegarnos ás linguaxes animais, para lle dar cabida ao Outro irredutible, semella necesario a reivindicación da materialidade do corpo. Inscribir o corpo na lingua, utilizando aqueles dos seus elementos que máis se afastan da lóxica racional descorporeizada e da comunicación social habitual supón falar desde un lugar que non ten que ver co suxeito moderno que xorde da Ilustración. Para Hélène Cixous (2011) afondar na conexión mente-corpo ou pensamento-afectos, unha conexión tradicionalmente vista como «feminina» ou «pasiva» e que deriva da posición non central da muller na cultura patriarcal, significa aceptar a ferida, a contaminación, a apertura cara ao radicalmente estraño. Esta disposición ten como consecuencia a desestabilización da linguaxe racional e comunicacional, o que implica unha perturbación do suxeito mesmo, baseado no logos entendido como lingua e razón.

Observado desde este punto de vista, o conxunto da obra de Luz Pichel ofrece unha enorme coherencia por canto integra un orixinal e radical proxecto de investigación. Como ela mesma afirma: «interésame a palabra como puro material e como parte do noso corpo... Ao utilizar a lingua doutra maneira atendo máis á súa corporeidade, poden ampliarse as posibilidades do dicir» (Pichel 2020: 101)

Partindo dunha posición aínda debedora do traballo primordial co sentido en *El pájaro mudo* (1990), *La marca de los potros* (2004) e *Casa Pechada* (2006), a poética de Luz Pichel comeza a evolucionar coa autotradución recreadora *Cativa en su lugar* (2013) cara á experimentación que xorde da hibridación lingüística entre o galego e español e que ten a redundancia, a homofonía e o xogo paronomásico como motor.

Como indica María Salgado, a lóxica de semellanza e variación que a alternancia lingüística produce consegue «impregnar sus letras de la fisicidad y variabilidad morfológico-sónica que también las constituye. Pero no sólo. Usar una lengua de frontera, escribir desde donde no hay regla pero sí hay cuerpo y diferencia, es proceder también a reescribirlo todo, y diferente» (Salgado 2013: 119).

Tras *Tra(n)sumancias* (2015), que amplía o número de linguas e os espazos evocados, vén e *Co co co u* (2017) que desde unha dicción balbucinte e tatexa busca reproducir o medo e a parálise que marca o falante dunha variedade dialectal do galego. Unha lingua mala que ten que ver co lugar e a clase, unha lingua animalizada que, de novo, forzando o peche das vogais átonas, facendo caer fonemas finais e insistindo nas contraccións da lingua oral e o fenómeno da gheada, fai do corpo fónico un instrumento que revela un suxeito escindido que se afasta do canon androcéntrico e antropocéntrico.

Alén Alén (2021) supón un novo salto. Sen esquecer a deformación léxica e o tatexo, este poemario procura no corpo da lingua o desmembramento das partes da palabra, dos nexos, altera a xerarquía dos elementos na frase con híberbatos imposibles que atacan de pleno toda idea de norma. Neste exercicio retórico, ou antirretórico, os desdobrementos de identidades, de linguas, espazos e tempos supoñen un reflexión profunda sobre os fundamentos xerárquicos das oposicións nas que se basean as desigualdades estruturais. Multiplicidade, barullo, contradición para refundar pois unha lingua que abrace a diferenza e transforme radicalmente a noción de suxeito.

A proposta de luz Pichel lévanos a tomar conciencia da vulnerabilidade compartida e a intentar facer revivir o animal que acubillamos no noso interior. É nese sentido no que cremos que pode lerse o seguinte poema de *Casa pechada* e que aparece na versión autotraducida de modo máis explícito e reivindicativo.

A miña besta
leva as patas atadas
Non dá falado (Pichel 2013: 168).

La bestia mía
negharonle la lengua
No puede andar (Pichel 2013: 73).

Como xa apuntaron Manuela Palacio e María Xesús Nogueira (2022: 227), observamos que non se trata simplemente dunha personificación do animal, senón dunha animalización do falante humano, é dicir, un esvaecerse os límites entre o humano e o animal non humano, ambos violentamente silenciados.

A reivindicación, a proposta ética, política e utópica de Pichel pasaría, pois, por desestabilizar a idea mesma de lingua, a norma, a institución, o imperio da monoglosia. Negarse a pensar desde a identidade «nada de bucólica pinería rumorosaaaa que e e din naaas costas», di en *Alén alén* (2021:31), e decidir pensar desde o corpo e a diferenza, que sempre é plural, múltiple e variada. A besta que hai en nós, *humanimais*. Porque, como ela mesma afirma:

Una lengua una es una imposición una impostura un poderío a muerte del albedrío cuidador de las aldeas y sus pluralidades un aplanamiento de los temperamentos perdón una lengua es todas (Pichel 2021: 71).

FINANCIAMENTO

A elaboración deste traballo enmárcase dentro do proxecto: Posthuman Intersections in Irish and Galician Literatures Research Project, MCI and ERDF, ref. PID2022-136251NB-I00.

BIBLIOGRAFÍA

- ANDERSON, Neil D. (2014). «To Be or Not: The Rural Village in Post-RuralTimes». *Galicia* 21, F, 60-76.
- BRAIDOTTI, Rosi (2013). *The posthuman*. Cambridge: Polity
- CID, Alba, (2018). «Variaciones del lugar». *Nayagua : Revista de poesía*, 27, 227-231.
- CIXOUS, Hélène (2011). *Entretien de la blessure : Sur Jean Genet*. París: Galilée.
- CLIFFORD, James (2013). *Returns: Becoming Indigenous in the Twenty-First Century*. Cambridge, Massachusetts; London: Harvard University Press.
- COLOMER, Álvaro (2014). «La literatura vuelve al campo». *La Vanguardia*, 20/08/2014 [en liña] [18 outubro 2023] <<http://www.lavanguardia.com/cultura/20140820/54413196729/literatura-campo.html>>.
- DELEUZE, Gilles (1996). *L'Abécédaire de Gilles Deleuze*. París: Editions Montparnasse.
- DERRIDA, Jacques (2006). *L'animal que donc je suis*. París: Galilée.

- DOPICO, Montse (2016). «Onde está mal visto o galego é en Galicia: O inimigo está dentro, non en Madrid». *Praza.gal*, 16/09/16 [en liña] [18 outubro 2023] <<https://praza.gal/cultura/londe-esta-mal-visto-o-galego-e-en-galicia-o-inimigo-esta-dentro-non-en-madridr>>.
- HARAWAY, Donna (2003). *The Companion Species Manifesto. Dogs, People, and Significant Otherness*. Chicago: Prickly Paradigm.
- HARAWAY, Donna (2008). *When Species Meet*. Minneapolis: University of Minnesota Press.
- MIGUÉLEZ, Helena (2014). « Ser indíxena: unha lectura de Cativa en su lugar de Luz Pichel [en liña] [18 outubro 2023] <<https://postcolonialspain.wordpress.com/2014/05/25/ser-indixena-unha-lectura-de-cativa-en-su-lugar-de-luz-pichel>>.
- MORA, Vicente Luis (2018). «Líneas de fuga neorrurales de la literatura española contemporánea». *Tropelías: Revista de Teoría de la Literatura y Literatura Comparada*, 4, 198-221.
- PALACIOS, Manuela; NOGUEIRA, María Xesús (2022). «The Violent Othering of Women and Animals in Nuala Ní Dhomhnaill's and Luz Pichel's Poetry». Aida Rosende-Pérez; Jarazo-Álvarez (eds.). *The Cultural Politics of In/Difference: Irish Texts and Contexts*. Oxford [etc.]: Peter Lang, 213-231.
- PICHEL, Luz (2004). *La marca de los potros*. Huelva: Diputación de Huelva.
- PICHEL, Luz (2006). *Casa pechada*. Compostela: Fundación Caixa Galicia.
- PICHEL, Luz (2013). *Cativa en su lugar / Casa pechada*. Madrid: Progresele.
- PICHEL, Luz (2015). *Tra(n)sumancias*. Madrid: Ediciones La Palma.
- PICHEL, Luz (2017). *Co Co Co U*. Madrid: La Uña Rota.
- PICHEL, Luz (2020). *El pájaro mudo*. Madrid: Genealogías. Tigres de Papel.
- PICHEL, Luz (2021). *Alén alén*. Segovia: La Uña Rota.
- SALGADO, María (2013). «Notas para un libro refeito». Luz Pichel. *Cativa en su lugar / Casa pechada*. Madrid: Progresele.
- SEGARRA, Marta (2022). *Humanimales: Abrir las fronteras de lo humano*. Barcelona: Galaxia Gutenberg.



Copyright © Rexina Rodríguez Vega, 2024. This document is under a Creative Commons Attribution-Non commercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.